

Instalación de Ubuntu 10.04

Rafael Ávila Coya

Táboa de contidos

Introdución.....	5
Instalación da distribución GNU/Linux Ubuntu 10.04.....	5
Descarga da distribución Ubuntu 10.04.....	6
Preparar dispositivo para instalación (CD-ROM ou memoria USB).....	6
Desfragmentar disco (só no caso de querer instalar Ubuntu en partición xunto a Windows).....	6
Comezar a instalación: particionado.....	7
Continuar con resto de instalación.....	10
Post-instalación.....	10

Introdución

Ubuntu é unha regra ética sudafricana enfocada na lealtad das persoas e as relacións entre estas. A palabra provén das linguas zulú e xhosa. Ubuntu é visto como un concepto africano tradicional.

A distribución Ubuntu baséase nesa filosofía. De feito o seu lema é "Linux para seres humanos".

Ubuntu toma como referencia a distribución Debian e, ata hai pouco, o escritorio GNOME, tratando de obter unha distribución amigable, de fácil instalación, multilingüe, libre, etc. As últimas versións veñen co escritorio Unity, un escritorio novo e distinto de GNOME, aínda que é moi doado instalar GNOME e utilizar este último no canto de Unity.

Ubuntu publica unha versión nova cada 6 meses, as cales se numeran con dúas cifras separadas por un punto. A primeira cifra é o ano, e a segunda o mes. Así, a distribución que manexaremos neste curso, a 10.04, é a versión Ubuntu de Abril (04) de 2010 (10). Ademais disto, acompañan eses números dun apodo, que é o nome dun animal e un adxectivo, que comezan ámbolos dous pola mesma letra. No noso caso, a versión 10.04 é apodada Lucid Lynx (Lince Lúcido).

A 3 de Maio de 2012 a última versión é a 12.04 (Precise Pangolin).

Cada 2 anos, a versión de Ubuntu é LTS (Long Time Support), o que quer dicir que dispoñen de actualizacións durante 3 anos (5 anos para versión de servidor), en contraposición ao ano e medio habitual. As versións 10.04 e 12.04 son LTS; pola contra, as versións 10.10, 11.04 e 11.10 non son LTS e teñen soporte só durante ano e medio (3 anos para versión de servidor).

Para as versións LTS, hai actualizacións da versión base cada 6 meses máis ou menos, con melloras de todo tipo. Para o caso da 10.04 se numeran como 10.04.1 (~Outubro de 2010), 10.04.2 (~Abril de 2011), 10.04.3 (~Outubro de 2011), etc. A máis actual é a versión 10.04.4.

Dentro dunha mesma versión temos diferentes variantes de Ubuntu. A que máis se descarga é a variante Ubuntu Desktop (sobremesa), que é a que se usa para instalar o sistema nun computador ou portátil persoal. Asimesmo, hai variantes para instalar servidores (Ubuntu Server), para necesidades especiais (Ubuntu Alternate), para crear servidores LTSP (Edubuntu - moi interesante no ámbito educativo), e outras que instalan outro escritorio por defecto, como Kubuntu (escritorio KDE), Xubuntu (escritorio Xfce), etc.

Instalación da distribución GNU/Linux Ubuntu 10.04

A instalación consta dos seguintes pasos:

- Descarga da distribución Ubuntu 10.04
- Preparar dispositivo para instalación (CD-ROM ou memoria USB)
- Desfragmentar disco (só no caso de querer instalar Ubuntu en partición xunto a Windows)

- Comezar a instalación: particionado
- Continuar con resto de instalación
- Post-instalación

Descarga da distribución Ubuntu 10.04

Para descargar a imaxe da versión 10.04 de Ubuntu, imos ao seguinte enderezo web: <http://releases.ubuntu.com/lucid/>

Alí procuramos a imaxe que queremos descargar. Existen 2 que nos interesan:

ubuntu-10.04.4-desktop-i386.iso -> É a imaxe para computadores de 32 bits, aínda que se pode instalar tamén en computadores de 64 bits

ubuntu-10.04.4-desktop-amd64.iso -> É a imaxe para computadores de 64 bits, e só se pode instalar en computadores de 64 bits, non en computadores de 32 bits. Instalaremos esta imaxe só cando teñamos un computador de 64 bits ao que lle queiramos sacar todo o seu rendemento.

En GNU/Linux, para saber se un computador é de 32 bits ou 64 bits, teremos que abrir un terminal en liña de comandos (**Aplicativos** → **Accesorios** → **Terminal**) e teclear **uname -a**. Se a saída acaba en algo como *x86_64 GNU/Linux* ou *ia64 GNU/Linux*, entón temos un computador de 64 bits. Se a saída acaba en algo parecido a *i386 GNU/Linux*, entón o noso computador é de 32 bits.

Para saber qué tipo de computador temos desde outros entornos (Windows, Mac, etc.), podemos consultar esta web (en inglés): <http://www.stata.com/support/faqs/win/64bit.html>.

Preparar dispositivo para instalación (CD-ROM ou memoria USB)

Existen varias maneiras de instalar unha distribución GNU/Linux, pero as máis habituais e doadas con diferenza son por medio dun CD-ROM (CD vivo) ou dunha memoria USB.

No primeiro caso, debemos usar un programa de gravado de CD-ROM's, e asegurarnos de que gravamos unha imaxe de disco, non datos (como se fai cando gravamos documentos, música, etc.). En GNU/Linux temos moitos aplicativos para facer isto, como é o Brasero (que vén instalado por defecto en Ubuntu), K3B, etc. En Windows temos o programa libre InfraRecorder, aínda que un dos máis usados é Nero (software privativo).


No caso de querer crear unha memoria USB de arranque, precisamos unha distribución Ubuntu xa instalada. Para creala, imos a **Sistema -> Administración -> Creador de discos de arranque**. Na ventá da aplicación emerxente navegamos para seleccionar a imaxe e eliximos o disco (memoria USB). Finalmente, damos a **Facer disco de inicio** e listo.

Desfragmentar disco (só no caso de querer instalar Ubuntu en partición xunto a Windows)

No caso de que queramos conservar Windows nunha partición, deberemos desfragmentar o disco ríxido. Para iso imos (en Windows) a **Inicio -> Accesorios -> Ferramentas do Sistema -> Defragmentar**. Isto pode levar bastante tempo.

Comezar a instalación: particionado

Para arrancar o CD-ROM ou a memoria USB de instalación, deberemos configurar o arranque na BIOS. Hai centos de BIOS's diferentes, polo que non se pode explicar aquí como se fai en cada caso. Nos computadores máis novos é posible seleccionar o dispositivo de arranque pulsando algunha tecla como F2 ou F12, sen ter que entrar na BIOS.



Na primeira pantalla que nos aparece, eliximos a lingua e decidimos se queremos probar Ubuntu ou ben instalalo xa. Se non temos moita presa podemos probalo antes, para ver se recoñece ben o hardware (tarxeta gráfica, son, etc), se conecta a Internet, etc. No caso de probalo, teremos unha icona no escritorio para instalar o sistema no momento que queiramos.



Na seguinte pantalla eliximos a zona horaria (Madrid):




Seguidamente, temos que elixir o teclado. Normalmente xa nos suxire automaticamente o teclado español.:



A continuación vén a parte máis delicada da instalación: o particionado.


Aquí temos 3 opcións (no caso de ter instalado xa Windows):

- Reducir espacio a Windows para deixar sitio para Ubuntu.
- Borrar o disco enteiro. Neste caso, borraríamos Windows ou o/s sistema/s que xa houbera/n, e instalamos Ubuntu.
- Especificar particións manualmente. Isto é máis complicado, pero permite maior control sobre a instalación.



No caso de querer instalar Ubuntu a carón de Windows é moi recomendable facer unha copia de seguridade dos datos máis importantes antes de instalar o sistema Ubuntu, pois en caso de erro poderían perderse os datos.


Por último, na seguinte pantalla despois do particionado, temos que elixir un usuario. No primeiro campo poñemos o nome completo (sen acentos nen eñes), por exemplo *Rafael Avila Coya*. No campo inmediatamente inferior poñemos un nome de usuario, por exemplo *ravilacoya* ou *rafa*. Logo vén o contrasinal (dúas veces - recomendable unha mistura de letras maiúsculas e minúsculas, números e algún signo de puntuación sinxelo, como o . ou a ,). No último campo poñemos o nome que queremos darlle ao computador, como poden ser nomes de deuses/as gregos/as, ou o que nós queiramos. Este nome é interesante, sobre todo, cando nos conectamos en rede.




Este usuario terá permisos de administrador.

Continuar con resto de instalación

Despois de ter elixido idioma, zona horaria, teclado, de facer particionado e de elixir un usuario administrador, vén unha pantalla resumo do que fixemos, e se todo é do noso agrado so temos que premer no botón Instalar:



Durante uns 10-20 minutos, o sistema procederá a instalar centos de paquetes de software (aplicativos, applets, librerías e outras ferramentas).




Unha vez rematou, preguntará se queremos reiniciar o sistema. Dicimos que si e reiniciamos. O sistema estaría completamente instalado, mais é interesante, polo menos, actualizar o sistema.

Post - instalación

Antes de que reinicie o sistema, se nos pedirá que retiremos o CD Live ou memoria USB, pois senón volveríamos a arrancar o sistema de instalación (esto sempre que optáramos

por modificar a BIOS).

Unha vez que reiniciamos o sistema, aparecerá unha pantalla de inicio de sistema.




Prememos no noso usuario, introducimos o contrasinal que eliximos cando fixemos a instalación, e dámoslle a ENTER.

Unha vez aberto o escritorio, comprobamos que temos conexión a Internet. Se todo está ben, o primeiro que faremos será actualizar o sistema operativo. Isto o facemos indo a **Sistema → Administración → Xestor de actualizacións**.



Prememos en **Instalar as actualizacións** e deixamos que actualice o sistema, un proceso totalmente automático. Ao final, no caso de que se instalasen actualizacións que precisen de reiniciar o sistema, se nos indicará por medio dun aviso. Normalmente, se non estamos a facer algo que aconselle agardar, premeremos no botón **Reinicia agora**.



LICENZA



Este documento publícase baixo unha licenza Creative Commons Recoñecemento – Compartir
baixo a mesma licenza 2.5 España, que pode ser consultada en

<http://creativecommons.org/licenses/by-sa/2.5/es/>.

*This document is licensed under the Attribution-ShareAlike 2.5 Spain license, available at
<http://creativecommons.org/licenses/by-sa/2.5/es/>.*